



La presentación del homenaje tuvo lugar en la Asociación Alexandre Bóveda | AEC

# O teatro Rosalía acollerá a amigos e cidadáns para render homenaxe a Xabier P. Docampo

O.U.V. A CORUÑA

Hoxe, ás 18.00 horas, colocarase unha placa en homenaxe ao polifacético Xabier P. Docampo, na plaza que acolleu o seu último fogar, na praza González Dopeso, un lugar que "xa non é o mesmo sin el", tal e como conta a poeta Yolanda Castaño.

Castaño conducirá o acto no que, ás 20.30 no teatro Rosalía, se continuarán a homenaxe ao es-

citor, que finou en xuño de 2018, e que xuntará a moitas das súas amizades, como Suso de Toro, Fina Casalderrey ou Miro Casabella, e que terá entrada libre.

Moitas amizades para lembrar a figura dun home "moi xeneroso" e que permitiría "convidar a moiísima xente máis que estaba ligada a él, pero a homenaxe sería demasiado longa", conta María Xosé Bravo.

O Rosalía acollerá tres mesas, ou "pequenas conversas", ao re-

dor de Docampo como figura literaria, como figura no ensino e como figura de activismo e unión política.

Castaño destaca de Docampo a "súa xenerosidade e simpatía tenra", ademáis da "súa graza para contar historias". Unha graza que, tal e como conta Bravo, "levouno a ser un dos pioneiros da literatura infantil galega e que obras como "Cando petan na porta pola noite" se consideraran referentes en todo o Estado". •